

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA PROXECTOS  
DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.  
ANO 2025**

**PRELIMINAR.**

De acordo co previsto no artigo 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por regularse nestas bases achegas de diñeiro sen contraprestación por parte do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, entidade vencellada ás entidades locais galegas, serán de aplicación:

- 1) Os principios de xestión contidos no seu artigo 5.2, consonte co cal a xestión efectuarase baixo os seguintes principios:
  - a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
  - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE no artigo 2 dos seus estatutos e por medio das actividades previstas no artigo 3.1.
  - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos.
- 2) A disposición adicional segunda, en canto ao pagamento anticipado da axuda concedida.

Ademais, as achegas gratuítas terán relación directa co obxecto da actividade contido nos estatutos do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Para dar cumprimento a todo o anterior, o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE ten acordado as normas de procedementos detalladas nestas bases, elaboradas en aplicación dos citados principios, e ao abeiro das cales se efectuará a concesión das axudas.

Así, en consecuencia:

1. O procedemento e, en particular, os efectos do outorgamento da axuda, extinción e, se fose o caso, devolución ou reintegro, rexeranse por estas bases e polas demais normas de dereito privado aplicables.
2. A presentación dunha solicitude de axuda supón a aceptación íntegra destas bases.

**PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA, MODALIDADES, ORZAMENTO MÁXIMO E PRAZO.**

1.1 Estas bases teñen como obxecto a regulación da concesión de axudas, por parte do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en adiante Fondo Galego), a través dun procedemento de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos países do Sur Global.

1.2 Esta convocatoria ten como finalidade última crear vínculos e fortalecer ás administracións públicas, en canto espazos de proximidade capaces de velar polo benestar da cidadanía desde a dimensión local, así como á poboación civil destes países.

1.3 O orzamento destinado á convocatoria será dun máximo de 100.000,00 €.

1.4 O importe máximo da achega por proxecto será de 15.000,00 €.

1.5 A axuda é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

1.6 A convocatoria abrirase do 16 de outubro ao 17 de novembro de 2025, ambos inclusive.

1.7 A convocatoria divídese en dúas modalidades:

MODALIDADE	CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE	ORZAMENTO MÁXIMO
A	Debe cumprir un dos seguintes supostos para enmarcarse nesta modalidade: -Máis de 5 empregados/as en Galicia. -Máis de 500 persoas socias en Galicia. -5 millóns de euros ou máis de ingresos a nivel estatal. -Máis de 100.000 euros de ingresos en Galicia.	50.000,00€
B	Non debe conter ningunha das características mencionadas para as entidades da modalidade A	50.000,00€

**SEGUNDO: REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES.**

2.1 Poderán ser beneficiarias as entidades contempladas no artigo 99 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que cumpran as seguintes condicións:

- a) Ser entidades sen ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades con fins lucrativos.
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas na Sección A do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia.
- c) Teren sede social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Cumprir cos requisitos para obter a condición de beneficiaria contidos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na normativa de subvencións nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- f) Conter explicitamente nos seus estatutos a posibilidade de traballar en proxectos de cooperación ao desenvolvemento como un dos obxectivos da entidade.
- g) Compromiso de colaborar e participar, se fora necesario, nun acto público de presentación dos proxectos apoiados.

### **TERCEIRO: REQUISITOS DOS PROXECTOS.**

- 3.1 Que o prazo de execución dos proxectos sexa como máximo de 12 meses, sendo obrigatorio que a data de inicio sexa anterior ao 15 de marzo do 2026. Poderán presentarse aqueles proxectos que dean inicio a partir do 1 de xaneiro de 2026 (incluído). Os proxectos presentados con data de inicio anterior ao 1 de xaneiro de 2026 serán desestimados.
- 3.2 Que identifiquen os parceiros locais e que estes participen responsablemente na execución do proxecto e na xestión dos recursos, facendo constar expresamente a súa participación e o seu compromiso co proxecto. Non terán a consideración de parceiros locais as delegacións de entidades españolas iguais ou distintas da entidade solicitante, aínda que estean legalizadas no país de execución do proxecto.
- 3.3 Que estean aliñados cos obxectivos e principios dos Dereitos Humanos Universais e cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e, sempre que sexa posible, cos obxectivos de desenvolvemento do país nos que se leven a cabo.
- 3.4 Que se vinculen directamente cos seguintes sectores de actuación:
  - Abastecemento de auga e saneamento e xestión integral e gobernanza dos recursos hídricos.
  - Equidade de xénero e o empoderamento das mulleres e nenas.
  - Sustentabilidade ambiental, loita contra o cambio climático e xestión de residuos.

- Desenvolvemento económico local: agricultura sostible e desenvolvemento rural.
  - Fortalecemento institucional e da sociedade civil.
- 3.5 Así mesmo, deberán ser viables económica, social e administrativamente, de modo que a continuidade do proxecto quede garantida cando finalice a axuda externa.
- 3.6 Quedan excluídas desta convocatoria as accións de axuda humanitaria e as de carácter asistencial.
- 3.7 Os proxectos deberán estar enmarcados nalgún dos seguintes países de execución:
- Países que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade identifica como prioritarios: Mozambique, Guinea Bissau, Cabo Verde e Cuba.
  - Outros países sinalados como prioritarios segundo o IV Plan Director da Cooperación Galega: Guatemala, Honduras, Nicaragua, El Salvador, Bolivia, Ecuador, Perú e República Dominicana.
  - Países Menos Adiantados (PMA) e países con IDH baixo.
- 3.8 Que o orzamento se adecúe ao establecido nos capítulos sétimo e oitavo da presente convocatoria, relativos aos gastos do proxecto.
- 3.9 O incumprimento dalgún ou varios dos requisitos mencionados nos puntos 3.2 ao 3.8 derivará na exclusión da valoración da proposta, sen posibilidade de emenda.

#### **CUARTO: PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

- 4.1 As propostas deberán recibirse electronicamente no enderezo [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal) entre o 16 de outubro e o 17 de novembro de 2025 ás 23:59h. Poden empregarse ferramentas de partilla de documentos online para facilitar o envío da documentación. É obrigatorio presentar a documentación que proceda en arquivos independentes en formato PDF, co nome de cada arquivo. As propostas recibidas recibirán un email de confirmación. Este mesmo enderezo estará dispoñible para calquera consulta ou aclaración, así como o teléfono 698 144 536.
- 4.2 A presentación das propostas deberá realizarse obrigatoriamente segundo os modelos facilitados polo Fondo Galego, que poderán ser descargados a través da web [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal).
- 4.3 Cada entidade solicitante poderá presentar un único proxecto para financiamento.

## **QUINTO: DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA A TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES.**

5.1 Solicitud de financiamento para a proposta presentada, segundo o modelo establecido.

5.2 Documentación relativa á entidade solicitante (Carpeta A):

- a) Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, no caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Para iso deberá achegar a copia do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente da persoa que exerce a representación legal, así como a copia da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
- b) Documentación acreditativa de que a entidade se atopa ao corrente das obrigas tributarias ou de calquera outra natureza, segundo o que dispoña a normativa vixente (certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia).
- c) Certificación da Axencia Tributaria do domicilio fiscal.
- d) Documentación acreditativa da modalidade pola que se presenta:
  - Informe de traballadoras/es en alta da Seguridade Social ou certificado de inexistencia de traballadoras/es.
  - Memorias, actas ou outros documentos probatorios con vixencia que dean soporte ao número de persoas socias da entidade. Ditos documentos deben estar datados no ano 2025.
  - Acta de aprobación da conta de resultados, informes de auditoría ou outros documentos probatorios con vixencia que dean conta do volume de ingresos da entidade a nivel estatal e a nivel autonómico no ano 2024.
- e) Declaración responsable da persoa que exerza a representación legal da entidade sobre:
  - O compromiso de empregar o galego de maneira preferente en todas aquelas accións de difusión do proxecto en Galicia.
  - Outras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, indicando o nome da entidade, a cantidade solicitada e a concesión ou non de dita axuda.
  - Non incorrer en ningún dos supostos previstos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - O compromiso de achegar a diferenza entre o custo total do proxecto e a axuda solicitada, ben directamente ou a través do financiamento de terceiros.
  - O cumprimento das normativas ambientais e de dereitos humanos no territorio español e nos países de intervención.

- 5.3 Documentación relativa ao parceiro local (Carpeta B):
- a) Acreditación da súa constitución legal segundo a normativa propia do país.
  - b) Declaración da persoa que desempeñe a representación legal da entidade relativa á vontade de participar no proxecto.
- 5.4 Documentos de formulación técnico e económico segundo os modelos establecidos. Ditos formularios poderán ser descargados da páxina web do Fondo Galego [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal). (Carpeta C).
- 5.5 A falta de documentación e/ou información sobre a entidade solicitante ou o parceiro local será solicitada polo Fondo Galego. Dispoñeranse para a súa emenda 10 días hábiles a contar desde o día seguinte da recepción da solicitude. A falta de entrega correcta e completa dalgún dos documentos de formulación da proposta (formulación técnica e económica) non serán solicitados nin reclamados por parte do Fondo Galego, co obxectivo de non xerar iniquidades entre as solicitudes presentadas.
- 5.6 A documentación solicitada poderá presentarse en lingua galega ou castelá.

#### **SEXTO: CONDICIÓN DE COFINANCIAMENTO E PAGO ANTICIPADO.**

- 6.1 O Fondo Galego asumirá, como máximo, o 95% do custo total do proxecto, que non superará en ningún caso o máximo de 15.000€ por proxecto.
- 6.2 A solicitude da beneficiaria, efectuada en calquera momento posterior ao mes seguinte ao da resolución da presente convocatoria, poderá facerse o pagamento anticipado de ata o 100% da achega concedida, sen a obriga de presentar garantías, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6.3 Para o caso de non solicitarse o pago anticipado, o pago ordinario efectuarase unha vez xustificada a axuda nos prazos e termos previstos pola base novena.

#### **SÉTIMO: GASTOS DO PROXECTO.**

Considéranse gastos do proxecto aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade financiada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras das axudas.

## 7.1 GASTOS SUBVENCIONABLES:

**1º CUSTOS DIRECTOS:** Enténdense por custos directos aqueles que son imprescindibles para a execución do proxecto, tales como:

- a) Terreos e inmobles: inclúe compra ou aluguer de inmobles e terreos no país de execución. No caso de compra, deberá especificarse o réxime de propiedade e titularidade. A propietaria deberá destinar os bens inmobles adquiridos ao fin concreto para o que se concedeu a axuda durante cando menos cinco anos e facelo constar na inscrición no rexistro público correspondente, se tivese acceso ao citado rexistro.
- b) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas: inclúe elaboración do proxecto, planos e estudos técnicos, man de obra, dirección de obra, licenza de obras e taxas, materiais de construción, transporte, instalación de auga, electrificación, saneamento, outros sistemas de abastecemento de auga, etc. Só se aceptará a valoración da man da obra ofrecida polo parceiro local ou a poboación beneficiaria de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local. Deberá especificarse e acreditar o réxime de propiedade e titularidade.

De contemplarse a construción ou compra de infraestruturas comunitarias (educativas, sanitarias, sociais, etc.) a propiedade quedará preferentemente en mans de institucións públicas ou da comunidade, debéndose facer responsables da súa utilización segundo os fins para os que foi construída. Haberá que acreditar esta cesión a través de escritura pública. A propietaria deberá destinar os bens inmobles adquiridos ao fin concreto para o que se concedeu a axuda durante cando menos cinco anos e facelo constar na inscrición no rexistro público correspondente.

- c) Equipos e materiais consumibles directamente vinculados á actividade financiada.
- d) Adquisición de vehículos especializados e vinculados coa actividade financiada.
- e) Persoal. Serán financiados os gastos relativos ao persoal local e persoal en sede. Son financiáveis os salarios e seguros sociais (en proporción aos meses de imputación ao proxecto).

Enténdese como persoal en sede o persoal da entidade galega que presta os seus servizos exclusivamente dende Galicia e que as súas funcións e tarefas están vinculadas ao proxecto para o que se solicita a financiamento.

Enténdese por persoal local aquel persoal do parceiro local ou contratado ao servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país no que se executa o proxecto. As súas funcións deberán estar directamente vinculadas á execución do proxecto.

O importe máximo aplicado a este concepto non poderá superar o 50% do importe total do proxecto e só será financiado ata un 40% sobre o total da subvención (6.000,00€).

- f) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión, etc. (excepto para a elaboración da identificación e liña de base, que non son gastos financiados por esta convocatoria).
- g) Desprazamentos, viaxes, aloxamento e manutención. Inclúense os gastos vinculados á mobilidade do persoal local, así como das persoas beneficiarias e do voluntariado cando sexa necesario para a correcta execución do proxecto. Inclúense nesta partida gastos de combustible, seguros e mantemento de vehículos, gastos de aloxamento e alimentación vinculados directamente coas actividades do proxecto e identificados na formulación do mesmo. Non son cubertos por esta convocatoria os gastos derivados das misións de seguimento en terreo por parte da entidade solicitante, ben por parte do persoal laboral, ben por parte de integrantes da Xunta Directiva ou socios/os.
- h) Gastos bancarios producidos pola conta do proxecto, derivados das transferencias de fondos ao país de execución, gastos rexistrados e periciais para a realización do proxecto, así como os gastos derivados da tradución e compulsión de documentos directamente vinculados ao proxecto.

2º CUSTOS INDIRECTOS: Enténdese por custos indirectos do proxecto os gastos propios da entidade solicitante ou do seu parceiro local para o sostemento da execución e do seguimento e difusión do proxecto en Galicia. A porcentaxe máxima aplicable a este concepto non debe superar o 10% sobre o custe total do proxecto. O devandito gasto xustificárase do mesmo xeito que o resto de gastos, coa entrega de facturas e documentos probatorios de pago. Non será admitida a inclusión de gastos de persoal de ningún tipo dentro desta categoría de gasto.

## 7.2 VALORIZACIÓNS:

- a) Serán aceptadas, por parte da entidade solicitante, as achegas en especie ou as valorizacións nos seguintes conceptos:
  - Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achegan en cada actividade e o custo (ata un máximo imputable de 20 euros por hora). Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no cal se especifiquen as responsabilidades (deberes e dereitos) de cada unha das partes, destacando o papel da persoa voluntaria no proxecto. A entidade deberá achegar toda cantidade de documentación acredite o cumprimento íntegro de todas e cada unha das obrigas do artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e, se non fose aplicable, do artigo 14.2 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e en calquera de ambos os dous casos, o cumprimento íntegro de todas as obrigas en materia de voluntariado no país onde se desenvolva o proxecto, para o caso de que a persoa voluntaria estea dentro do ámbito de aplicación da citada normativa estranxeira.

- b) Serán aceptadas as achegas locais como valorizacións, sempre que sexan suficientemente acreditadas e estean vinculadas de maneira exclusiva e proporcional ao proxecto:
- Locais, terreos, equipamentos, materiais e servizos prestados desde a comunidade beneficiaria, o socio local ou outra entidade local distinta destas. Serán valorados por tempo de uso e período legal de amortización segundo corresponda.
  - Equipamentos, terreos ou locais no caso de que vaian ser transferidos á poboación beneficiaria ao finalizar o proxecto. Serán valorados por tempo de uso e período legal de amortización segundo corresponda.
  - Bens ou locais postos temporalmente a disposición da execución directa do proxecto por un importe equivalente ao aluguer destes durante o tempo que sexan utilizados dentro do prazo de execución.
  - Persoal voluntario do socio local a disposición da execución directa do proxecto, durante o tempo de execución.
- c) As valorizacións poderán acreditarse cun certificado do parceiro local, da poboación beneficiaria, da entidade solicitante ou daquela entidade que preste os bens ou servizos. Deberán describirse en dito certificado o importe da achega, con indicación do número de unidades, horas de traballo, prezos unitarios e a valoración total.
- d) As valorizacións poderán imputarse ao proxecto financiado na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas pero non serán gastos subvencionables, senón achegas ao proxecto por parte da entidade beneficiaria ou do parceiro local.

### 7.3 GASTOS NON ADMITIDOS.

- Gastos derivados da identificación.
- Os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal expatriado.
- Compra de vehículos non especializados.
- Avaliación externa.
- Auditoría contable.
- Xuros debedores de contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, agasallos, etc.).
- Billetes de avión en primeira ou en clase preferente.
- Indemnizacións por despedimento do persoal ou pagos en situacións de incapacidade transitoria (baixa) ou permanente (incapacidade, sexa total ou absoluta).
- Amortizacións de bens inventariables.
- Impresión ou produción de material de publicidade da entidade solicitante ou do parceiro local (merchandising).

## **OITAVO: OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA.**

### **8.1 OBRIGAS XERAIS.**

Son obrigas da beneficiaria:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- b) Xustificar ante o Fondo Galego o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o Fondo Galego ou quen este designe, para o que se achegará canta información e documentación lle sexa requirida.
- d) Comunicarlle ao Fondo Galego a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto da axuda, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da axuda.
- e) Acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin do Estado.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Adoptar as medidas de difusión fixadas nestas bases.
- h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nestas bases.
- i) Cumprir coas obrigas específicas derivadas da normativa de branqueo de capitais e prevención do terrorismo.

### **8.2 OBRIGAS ESPECÍFICAS.**

- a) A entidade beneficiaria deberá responsabilizarse do correcto uso do financiamento que se conceda, de xeito que, en ningún caso, poderá desviarse a outra finalidade. Considéranse vinculantes o orzamento e a información presentada nos documentos de formulación do proxecto.
- b) A entidade beneficiaria enviará ao Fondo Galego, a través do correo electrónico, e con carácter mensual, a contar dende a data de inicio do proxecto, unha ficha resumo de seguimento das actividades previstas, segundo o modelo establecido, fotografías do avance do proxecto en formato imaxe, ou calquera outra información relacionada que poida axudar a dar visibilidade ao proxecto e contexto no país de

execución. Esta información será empregada para difundir o proxecto por parte do Fondo Galego.

- c) Incluirase o logotipo do Fondo Galego en carteis e todo aquel material utilizado para a difusión, documentación ou publicación do proxecto.
- d) Fondo Galego resérvase o dereito de levar a cabo unha misión de seguimento sobre o terreo en calquera fase da execución do proxecto.
- e) A entidade solicitante comprométese a facer difusión do proxecto a través das súas redes sociais, empregando a lingua galega, e facendo mención ao financiamento do Fondo Galego polo menos en dúas ocasións durante o período de execución do proxecto.
- f) As entidades que resulten beneficiarias comprométese a realizar unha presentación do proxecto financiado nun espazo definido polo Fondo Galego, tal como a Asemblea Xeral de entidades socias, unha reunión de carácter provincial, etc. O Fondo Galego cubrirá os gastos de desprazamento ocasionados.
- g) Calquera cambio substancial que se produza no proxecto, antes ou despois de terse iniciado a súa execución, solicitarase por escrito ao Fondo Galego, ao enderezo [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal), quen responderá de igual maneira para comunicar a súa aprobación ou denegación.
- h) Despois de terse iniciado a execución, a entidade beneficiaria debe notificar calquera impedimento que retrase a execución do proxecto e solicitar, por escrito e de xeito razoado, a pertinente prórroga ao Fondo Galego.

## **NOVENO: SOBRE A XUSTIFICACIÓN.**

9.1 O prazo para a presentación do informe de xustificación das propostas financiadas será de tres meses a contar desde a data de finalización do proxecto, tendo como referencia a indicada no documento de formulación, ou, de ser o caso, a indicada na solicitude de prórroga.

9.2 Para a presentación do informe de xustificación deberán empregarse os modelos establecidos polo Fondo Galego, que poderán ser descargados na páxina web [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal).

9.3 O informe de xustificación deberá achegarse electronicamente ao seguinte enderezo [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal). Poden empregarse ferramentas de partilla de documentos online para facilitar o envío da documentación. É obrigatorio presentar a documentación que proceda en arquivos independentes en formato PDF, co nome de cada arquivo. Informarase do acuse de recibo a través de un correo electrónico de confirmación.

9.4 A xustificación económica realizarase en base ao orzamento total presentado e non unicamente sobre a axuda concedida.

9.5 O informe de xustificación constará dos seguintes documentos:

- a) Certificación da persoa que desempeñe o papel de representante legal da entidade solicitante, acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos aos fins previstos, asinada dixitalmente.
- b) Informe de xustificación técnico asinado dixitalmente.
- c) Certificado de gastos polo importe total do proxecto, distribuído por partidas orzamentarias e no que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinado dixitalmente.
- d) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento, descrición do gasto, o seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros, asinada dixitalmente.
- e) Dixitalización das facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, imputados ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, así como a documentación acreditativa do pagamento. Non se aceptarán pagos en efectivo por un importe igual ou superior a mil euros (1.000,00 €).
- f) Certificados, cando sexa o caso, das achegas valorizadas ao proxecto.
- g) Documentos acreditativos das transferencias realizadas desde a entidade solicitante ao parceiro local para a execución do proxecto.

9.6 As facturas, certificados de valorizacións e as fontes de verificación deberán presentarse en lingua galega, castelá ou portuguesa. No caso de que as facturas sexan emitidas nunha lingua distinta deberán contar con tradución xurada.

9.7 De xeito excepcional, e con base no previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 23 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, para aqueles proxectos que vexan afectada a súa actuación por contextos sobrevidos de desastres naturais, conflito armado ou crises humanitarias que dificulten ou mesmo imposibiliten dispor da adecuada documentación soporte xustificativa do gasto, poderase aplicar o procedemento extraordinario, previa autorización por parte do Fondo Galego, consistente na entrega dunha declaración responsable da entidade beneficiaria da financiación, en que se certifique o envío dos fondos e a realización do proxecto, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes.

9.8 No suposto de custo de subministracións ou bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de asistencia técnica por un importe igual ou superior aos

10.000€, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación ou compra, salvo que polas especiais características dos gastos financiáveis non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realice previo á solicitude da financiación. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

9.9 A entidade beneficiaria deberá conservar para efectos da xustificación e comprobación desta axuda os comprobantes dos gastos durante un período de 5 anos a contar desde a data de presentación da xustificación do proxecto, sen prexuízo doutros prazos e obrigas de conservación específicas que se puidesen derivar da normativa administrativa, civil, laboral, fiscal, de prevención de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo ou outras que procedan.

9.10 No caso de que a entidade beneficiaria non realice unha xustificación económica ou técnica clara, suficiente e seguindo as directrices marcadas por esta convocatoria, dispoñerá de 30 días hábiles para presentar as subsanacións correspondentes. Este prazo poderá ampliarse, xustificando en circunstancias extraordinarias, sempre e cando se comunique con anterioridade ao seu vencemento e se obteña o beneplácito do Fondo Galego.

9.11 De acordo co artigo 14.1, letra n), da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que haberá que reintegrar por posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das axudas determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación:

- a) O incumprimento total das obrigas e os fins para os que se outorgou a axuda e o incumprimento total das obrigas de xustificación dará lugar ao reintegro da totalidade da cantidade concedida.
- b) A cantidade para reembolsar no caso de incumprimento parcial na execución das accións ou gastos e no caso de incumprimento parcial na xustificación será determinada de acordo ao criterio de proporcionalidade.

#### **DÉCIMO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

10.1 Os proxectos presentados serán avaliados de xeito independente segundo as modalidades A ou B. No caso de que algunha modalidade quede deserta, será financiado o seguinte proxecto mellor puntuado da outra modalidade.

10.2 A puntuación máxima é de 100 puntos, correspondendo 20 puntos á avaliación da entidade solicitante e parceiro local e 80 puntos á valoración do proxecto. Para que un proxecto poida ser financiado deberá acadar un mínimo do 50% na avaliación do proxecto (40 puntos). O feito de que un proxecto acade esta puntuación non supón a concesión da axuda, xa que depende da suficiencia de crédito da convocatoria.

10.3 Serán avaliadas aquelas propostas que cumpran cos requisitos expostos nas presentes bases de acordo cos criterios de avaliación que se expoñen a continuación:

Experiencia da entidade solicitante e do parceiro local: Máximo 20 puntos.

Domicilio fiscal da entidade solicitante: se se atopa en Galicia, 5 puntos, en caso contrario, 0 puntos.

Experiencia da entidade solicitante no sector de actuación e zona xeográfica nos tres últimos anos (2023-2025 ambos inclusive): Máximo 6 puntos.

Experiencia de traballo conxunto entre a ONGD solicitante e o parceiro local, concretada en proxectos: Máximo 6 puntos.

Sobre o proxecto: Máximo 80 puntos.

Prioridade xeográfica: Máximo 10 puntos. No caso de desenvolverse nun país prioritario polo Fondo Galego, 10 puntos, no caso de tratarse dun PMA ou país con IDH baixo, 8 puntos, para o resto de países prioritarios para a cooperación galega, 5 puntos.

Grao de implicación e coordinación das autoridades locais pertinentes en relación co proxecto: Máximo 8 puntos.

Análise do problema ou problemas que se pretenden abordar co proxecto: Máximo 5 puntos.

Sinexías coas iniciativas públicas na mesma área de intervención: Máximo 5 puntos.

Identificación e descrición do grupo beneficiario: Máximo 5 puntos.

Fomento da participación das mulleres e de grupos de maior vulnerabilidade: Máximo 8 puntos.

Incidencia dos resultados na mellora da situación das persoas destinatarias e fortalecemento dos seus dereitos: Máximo 6 puntos.

Coherencia, claridade e detalle do orzamento: Máximo 4 puntos.

Achega económica propia ou valorizada da entidade solicitante e do socio local: Máximo 8 puntos.

Pertinencia e grao de descrición das actividades: Máximo 6 puntos.

Mecanismos para o seguimento do proxecto: Máximo 3 puntos.

Viabilidade: Máximo 6 puntos.

Sustentabilidade: Máximo 6 puntos.

- 10.4 No caso de que os proxectos teñan lugar en países en retroceso democrático, os criterios relacionados coa sinerxía coas políticas públicas locais e participación das autoridades locais no proxecto serán valorados positivamente se se explica axeitadamente.
- 10.5 Os criterios de valoración serán os mesmos para as modalidades A e B, pero o baremo empregado será diferente, adaptándoo ás dúas casuísticas.
- 10.6 As entidades solicitantes poderán ser chamadas a unha reunión de presentación das súas propostas previa á resolución, co obxectivo de esclarecer dúbidas. A reunión poderá ser online ou presencial e será convocada cun mínimo de unha semana de antelación.
- 10.7 As solicitudes que non foran subvencionadas serán eliminadas tres meses despois de estar resolta a convocatoria.
- 10.8 Unha vez superada a fase de avaliación, establecerase unha listaxe coas puntuacións obtidas das solicitudes de cada modalidade en orde descendente:
- Financiamento completo: serán financiados co cen por cen (100 %) da cantidade solicitada por orde de puntuación todos os proxectos ata esgotar o orzamento máximo de 50.000,00€ na modalidade A e 50.000,00€ na modalidade B. Se algunha das modalidades quedase deserta ou non se completase o orzamento, será financiado o seguinte proxecto mellor valorado da outra modalidade.
  - Financiamento parcial co remanente orzamentario: se logo do último proxecto financiado co cen por cen (100%) da cantidade solicitada, por orde de puntuación, houberse remanente orzamentario, o Fondo Galego decidirá:
    - ou ben destinar ese remanente a futuras convocatorias
    - ou ben propoñer, tamén por orde de puntuación, a posibilidade dunha reformulación parcial do proxecto, axustado ao importe do citado remanente, se o proxecto non quedase desnaturalizado e puidese seguir cumprindo os seus obxectivos.
- 10.9 No caso de que dous ou máis proxectos acaden a mesma puntuación e non todos poidan ser financiados por insuficiencia de crédito, teranse en conta os seguintes criterios que determinarán a orde de prelación:
- Que a entidade solicitante teña sede fiscal en Galicia.
  - A maior puntuación no apartado do proxecto.
  - A maior puntuación no apartado da entidade solicitante e socio local.
  - A natureza do socio local: se se trata dunha administración local ou asociación de administracións locais.

## **UNDÉCIMO: AVALIACIÓN, RESOLUCIÓN, PUBLICACIÓN E ACEPTACIÓN.**

- 11.1 Os proxectos serán avaliados por unha Comisión Técnica, constituída ao efecto por representantes de diferentes deputacións e/ou concellos socios da entidade e mais por persoal técnico do Fondo Galego. A Comisión Técnica será a encargada de elevar á Comisión Executiva do Fondo Galego a proposta de resolución, en base aos criterios establecidos na convocatoria. A Comisión Executiva procederá á súa aprobación, de ser o caso.
- 11.2 A resolución será publicada na páxina web do Fondo Galego, [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal), xunto coas puntuacións de todas as propostas recibidas que tivesen cumprido os requisitos do artigo 3º destas bases.
- 11.3 Unha vez aprobada a resolución pola Comisión Executiva do Fondo Galego, a entidade deberá aceptar expresamente a axuda e acreditar o cumprimento das condicións establecidas nestas bases no prazo de 10 días hábiles a contar dende que a entidade solicitante reciba a comunicación de concesión da axuda.

## **DUODÉCIMO: COMPROBACIÓN DAS AXUDAS.**

O Fondo Galego comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención, mesmo o valor de mercado dos gastos financiados por un ou varios dos medios previstos polo artigo 30 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **DECIMOTERCEIRO: DEVOLUCIÓN OU REINTEGRO DAS AXUDAS: SUPOSTOS E CRITERIOS.**

- 13.1 Procederá a devolución ou reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:
- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou agochando aquelas que o impedisen.
  - b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto que fundamenta a concesión da axuda.
  - c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos establecidos nestas bases.
  - d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas nestas bases.

- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nestas bases, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades financiadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas nestas bases ás beneficiarias, así como dos compromisos asumidos por estas por mor da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos ou se executa o proxecto que fundamenta a concesión da axuda, ou cando sexa imposible verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades financiadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

13.2 Así e todo, cando o cumprimento se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e a beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios:

- Grao de cumprimento do proxecto.
- Cantidade e porcentaxe de desviación con respecto á solicitada.
- Grao de culpabilidade ou existencia de intencionalidade.
- Importe e natureza dos danos e perdas causados.
- Reincidencia, por comisión no termo de cinco anos de máis dun incumprimento da mesma ou similar natureza.

13.3 Tamén procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade financiada, cos seus xuros de demora correspondentes, cando se dese esa circunstancia de sobrefinanciamento, superior aos custos reais xustificadas e aceptados.

13.4 Os xuros aplicables serán os xuros legais vixentes en cada momento.

#### **DECIMOCUARTO: DEVOLUCIÓN OU REINTEGRO DAS AXUDAS: PROCEDEMENTO.**

14.1 A Comisión Executiva do Fondo Galego será órgano o competente para esixir da beneficiaria a devolución ou reintegro das axudas cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de devolución ou reintegro de cantidades percibidas previstas na base anterior.

14.2 O Fondo Galego notificará á beneficiaria as circunstancias que motivan a existencia de causa devolución ou reintegro e mais a súa contía exacta, especificando principal e xuros:

- Para o caso de conformidade total, a beneficiaria poderá pagar só o principal e a metade dos xuros indicados, e unha vez verificado o pago poderá volver a presentarse a sucesivas convocatorias de axudas do Fondo Galego.
- Para o caso de disconformidade total ou parcial, o Fondo Galego esixirá xudicialmente as cantidades adebedadas e prohibirá á entidade volver presentarse a sucesivas convocatorias de axudas do Fondo Galego en tanto non estean totalmente satisfeitas as cantidades indicadas.

#### **DECIMOQUINTO: FACULTADES DO FONDO GALEGO.**

O Fondo Galego ten a prerrogativa de interpretar estas bases, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalas por razóns de forza maior, inspeccionar as actividades nos termos e cos límites establecidos nestas bases e declarar resolta a relación xurídica derivada da axuda solicitada ou outorgada por estas bases, e determinar os seus efectos, sen prexuízo das accións que correspondan ás beneficiarias para o caso de desacordo.

#### **DECIMOSEXTO: PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Fondo Galego, coa finalidade de xestionar a tramitación da axuda. As bases xurídicas do tratamento son o cumprimento de obriga legal derivada da normativa de subvencións, a obriga contractual contraída con cada solicitante e o interese lexítimo do Fondo Galego. Os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, e á consellería competente en materia de economía e facenda. Os datos conservaranse polo período legal esixido polas normativas laboral, fiscal e civil. Ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Rúa Varsovia, 4C - 6º andar (Área Central), CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña). A autoridade de control competente é a Axencia Española de Protección de Datos.

#### **DECIMOSÉPTIMO: SUBMISIÓN EXPRESA.**

Calquera cuestión litixiosa quedará sometida á xurisdición dos xulgados e tribunais do partido xudicial de Santiago de Compostela (A Coruña), con renuncia ao foro que no seu caso corresponda ás partes.